

## **O MOVIMENTO GALEGO DA SAÚDE MENTAL ORGANIZA A SÚA VII XORNADA, BAIXO O TÍTULO “MOCIDADE EN RISCO DE EXPULSIÓN. A DIVERSIDADE COMO FERRAMENTA DE FUTURO”**

**Salón de actos da Facultade de Psicoloxía (Santiago de Compostela, Campus Sur) Praza do Toural. 16 de outubro de 2021. 9:00-14:00 horas**

- O MGSM celebra a primeira xornada presencial tras o inicio da pandemia, dedicada este ano a reflexionar sobre as necesidades, problemáticas, potencialidades e condicións de vida que marcan o benestar emocional e o futuro da mocidade.
- Contará coa intervención de diversos poñentes que falarán desde múltiples contextos profesionais relevantes para a xuventude, así como a participación dxs mozsxs aportando a súa experiencia en primeira persoa e moderando o debate.
- A asistencia á xornada é gratuíta, só limitada ao aforo establecida do Salón de actos, podendo inscribirse na seguinte dirección: [mgsaudemental@gmail.com](mailto:mgsaudemental@gmail.com)

---

Desde hai anos, numerosos organismos internacionais, como a OMS, e desde ámbitos profesionais diversos, como os sanitarios ou os educativos, veñen alertando da presenza de altos niveis de malestar emocional na infancia e mocidade, principalmente desde a expresión da ansiedade e a depresión, pero tamén de comportamentos autolíticos e autolesións, alteracións da conduta alimentaria, os comportamentos conflitivos ou o illamento social persistente.

En contra do mito da infancia feliz, a realidade é moito máis dura, sendo que o suicidio é a terceira causa de defunción entre os 15 e 19 anos, e a segunda causa externa entre os 15 e os 29 anos. En máis da metade dos problemas de saúde mental en adultos, iniciáronse antes dos 14 anos, co que ten de gravidade en canto que implica un freo moi significativo na súa traxectoria de desenvolvemento.

A irrupción da pandemia por COVID non fixo máis que empeorar unha situación previamente negativa. O confinamento e as restricións sociais, a imposibilidade de asistir á escola, a perda de empregos, xa altamente precarizados nas idades máis novas, ou dificultades de acceso aos mesmos, tensaron unha situación xa insostible para moitas persoas, agrandando as desigualdades sociais endémicas da nosa sociedade.

A pandemia tamén mostrou con toda a súa crueza as eivas do sistema de atención á saúde mental, no que ten que ver co modelo asistencial (excesivamente medicalizador do sufrimento, descoordinado co resto de sistemas sociais, non enfocado á prevención) e precariedade de recursos, a pesar do vivido na década de recesión económica, que mostrara a cara máis descarnada.

Paradóxicamente, esta conciencia de malestar emocional na mocidade, agravada ata o límite nestes case dous anos de pandemia, convive de forma permanente co mantemento dos estereotipos negativos sobre a xuventude (que sinalan como descomprometida, egoísta, apática ou irresponsable), o que impide colocar o foco no esencial: a análise dos determinantes estruturais da saúde e condicións básicas de existencia, as necesidades percibidas, os recursos a potenciar e as propostas en primeira persoa, todo elo desde a garantía dos dereitos.

O sábado 16 de outubro reflexionaremos sobre todas estas cuestións, a través de diversas mesas redondas e conversatorios, organizados no seguinte modo:

### ***Mesa I. Pan, casa, traballo...en igualdade***

Jessica Fernández Cerdeira. Xornalista (coordinadora)

Paula Fernández Rico. Traballadora social. Coordinadora dos Centros Quérote+

Carmen Rey López. Arquitecta. Membro da directiva do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia-delegación Santiago

Manuela Caneda Cabrera. Técnica de prevención de riscos laborais do Gabinete de saúde laboral de CCOO

Ana Ojea Alonso. Profesora de secundaria. Coordinadora da Rede Educativa de Apoio LGTBIQ+ de Galicia.

### ***Mesa II. Educación, Saúde e dereitos***

Idoya Derteano Omaña. Estudante máster de psicoloxía xeral sanitaria (coordinadora)

Maruxa campos Sáez. Orientadora IES Campo de San Alberto de Noia

Rosa Cerqueiro Landín. Psicóloga Clínica na Área Sanitaria de Santiago

Miguel Vieito Villar. Avogado en exercicio e investigador en dereito

### ***Mesa III. Mocidade en primeira persoa***

Nee Barros Fernández. Escritore e youtubeire

Brais Fernández Papiri e Eric Gómez Besada (asociación ARELAS)

Lucía Mesías de Concepción. Estudante de medicina. Sindicato ERGUER, estudantes da Galiza

**Movemento Galego da Saúde Mental**

<http://movementogalegosaudemental.gal/>

<https://www.facebook.com/movementogalegodasaudemental>

<https://twitter.com/MGSaudeMental>